

PREINSCRIPCIÓN 2020-2021

PRAZO DO 1 AO 31 DE MARZO DE 2020

PARA FACER A PREINSCRIPCIÓN (NOVOS/AS USUARIOS/AS DOS SERVIZOS).

1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

1-a: Acceder á paxina web do concello: www.concellodeames.gal ou á páxina www.conciliames.org onde solicitarán a clave de usuario e o contrasinal no apartado correspondente.

1-b: Cubrir a solicitude de preinscrición. Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este cálculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación.

1-c: Rexistrar a solicitude: Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida.

Para a comprobación de datos tributarios dos membros da unidade familiar é necesario que todos os membros da unidade familiar maiores de idade asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2018, sinatura que no caso da opción 1 (registro telemático) terá que vir asinada electronicamente por todos os membros da unidade familiar maiores de idade salvo que, ao igual que nas outras dúas opcións, se presente unha copia auténtica¹ de dita autorización na que figuren as anteriores sinaturas.

Opción 1: Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

Opción 2: Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames situadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro.

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

2. USUARIOS/AS SEN ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites 1-a e 1-b do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no Pazo da Peregrina, ou na oficina municipal do Milladoiro, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476 (a partir do 26/02/2020)**.

Unha vez realizado o trámite 1-a e 1-b deberán realizar o trámite 1-c, podendo escoller de entre as tres opcións posible a máis axeitada as súas circunstancias persoais.

¹. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)

3. ADEMAIS, NO CASO DA PREINSCRICIÓN NA REDE MUNICIPAL DE COMEDORES ESCOLARES

Ademais de dita solicitude, deberán achegar o formulario de baremación e a documentación necesaria para a valoración. A información está dispoñible nos rexistros e na páxina www.conciliames.org

Para que a preinscrición sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.

Unha vez publicadas as listas dos/as nenos/as inicialmente admitidos/as, será necesario formalizar a matrícula no prazo fixado para ese fin e pagar a taxas correspondentes, momento no cal poderán solicitar a BONIFICACIÓN DE TAXAS e entregar a documentación necesaria segundo o caso.

INFORMACIÓN:

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). TELF. 981.891.476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

IMPORTANTE:

OS USUARIOS/AS ACTUAIS FIXOS/AS DE COMEDOR, BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DEBERÁN FACER RENOVACIÓN DA PRAZA.